




Outdoors & Tourism

# ACTIVA

DUMBRÍA



Somos Costa da Morte

Outdoor & Tourism

Ademais do seu gran mito a nivel ciclista como é o Gran Fondo Ézaro, Dumbría ten unha gran riqueza para a práctica do ciclismo en montaña ou **BTT**, con pistas aptas para a práctica deste deporte. Cada ano, o Concello en colaboración co club local de ciclismo, organiza unha marcha cicloturista de montaña, o percorrido oscila entre os 35km e os 45km, e a dificultade pode variar. Os participantes poden desfrutar de distintos percorridos con diferentes niveis de dificultade e visitar os lugares máis importantes a nivel paisaxístico, cultural e patrimonial.



BICIA



RUTAS



CAMIÑO SANTIAGO



KAIAK



A mellor maneira de descubrir estas terras é a pé; camiñando sen présa, percorrendo os seus lugares cheos de xoias naturais. Dumbría conta con varias rutas que te achegarán aos lugares máis fermosos e impresionantes da Costa da Morte.

Ademais das rutas que poidas confeccionar de maneira persoal, o concello leva a cabo unha serie de camiñatas aptas para todo o mundo, como son as chamadas "Andainas"; percorridos cunha lonxitude máxima de 15km, tratan de visitar os lugares con *gran riqueza natural e patrimonial, dando a coñecer a historia de cada lugar, igrexas, dolmes, cruceiros, petróglifos, pontes romanas, ríos, encoros, montaña, camiño Xacobeo,...*

Ademais de todo isto, o Concello de Dumbría dispón do **Centro de Interpretación de Rutas do Monte Pindo**, onde poderás visitar o museo e informarte das diferentes rutas para facer pola túa conta ou apuntarte ás rutas guiadas que durante o verán soben á **Moa**; a cima do Monte Pindo.



No seu máxico traxecto, o **Camiño de Santiago** cara a **Fisterra-Muxía** atravesa o corazón das impresionantes terras de Dumbría. Este percorrido está impregnado de antigas tradicións e **lendas como a do Vakner**, o monstro que devoraba os peregrinos. En cada recuncho atoparás pegadas do pasado, vestixios dun impresionante patrimonio Histórico e Arqueolóxico, salpicado de *mámoas, castros celtas, dolmens, vestixios da romanización e guerras napoleónicas...* Descubrirás unha natureza de bosques fermosos, caudalosos ríos e a Fervenza do Ézaro; a única de Europa en precipitarse directamente ao océano Atlántico.

Durante o percorrido terás múltiples servizos coma o **Centro de Información ao Peregrino**, dous albergues municipais abertos todo o ano e restaurantes para xantar á carta. **Un lugar para gozar da calor das súas xentes, das súas tradicións gastronómicas e das súas singulares festas.**



Se es un amante das novas experiencias e gústache descubrir outra forma de ver as cousas, a **Fervenza en Kaiak** vai te encantar. Só tes que ter máis de 7 anos, os menores de 10 anos deben ir acompañados por un adulto en kaiak dobre. Grupos: recoméndase marea chea e socorrista.

Súbete a un Kaiak e durante unha hora, percorre a desembocadura do río Ézaro polos mesmos lugares onde os **Vikings** reparaban a súas naves; nun marco de incomparable beleza aos pés do **Monte Pindo**, e vive en primeira fila o espectacular salto de 40 mtrs da **Fervenza do Ézaro** precipitándose ao mar.

- Tempo** > 1 hora con Monitor
- Percorrido** > Fervenza e Desembocadura do Río Ézaro
- Material** > Kaiak, Chaleco e Remo
- Servizos** > Servizo de Baño e Duchas
- Prezo** > 12 euros (por viaxe - Kaiak individual)
- > 20 euros (por viaxe - kaiak dobre)

Outdoor & Tourism

Outdoor & Tourism

**CORAZÓN**  
**BIKE**  
**GRAN FONDO ÉZARO**  
**2019**

**APÚNTATE!!!**

O **Gran Fondo Ézaro** é, sen dúbida, a xoia das probas ciclistas do **Concello de Dumbria**.

Teno todo: paisaxe impresionante, participación, percorrido polo corazón da Costa da Morte e un remate durísimo con rampas do 30 % de desnivel, e fermoso polo seu Mirador e Fervenza do Ézaro; que mitifica a quen remata a proba. **Ademáis xa se inclue dentro das 21 probas a nivel mundial da UCI - Unión de Ciclismo Internacional.**



30% de pendiente  
150 KM  
+ de 2000 participantes  
Só Corazóns BIKE

**+ info**  
[dumbria.com](http://dumbria.com)



DUMBRÍA

